- 2) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto.
- 3) Copia compulsada da tarxeta da Seguridade Social.
- 3) Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No suposto de ser nacional doutro Estado, declaración xurada ou promesa de non atoparse en inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, o acceso ó emprego público.
- 4) Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido ó momento da súa toma de posesión.
- 5) Título esixido para acceder a estas probas.

A non presentación dentro do prazo fixado da documentación esixida nesta base, e agás nos caso de forza maior, ou cando do exame da mesma dedúzase que carece algún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorreran por falsidade na solicitude de participación.

### **OITAVA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS DE TRABAJO**

Rematado o proceso selectivo e presentada a documentación polos interesados, o alcalde resolverá o proceso selectivo e se procederá a formalización do contrato laboral temporal por obra o servizo determinado a tempo completo conforme a lexislación vixente.

### **NOVENA. IMPUGNACIÓN.**

Contra as presentes bases, sendo que o seu acordo aprobatorio é definitivo en vía administrativa, poderase interpor polos interesados lexitimados os seguintes recursos:

- Con carácter potestativo recurso de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto recurrido en prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP. Se transcurrira un mes dende o día seguinte ó da interposición do recurso de reposición, sen que este fora resolto, poderá entenderse que foi desestimado para interpor o recurso contencioso-administrativo, á súa elección, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de seis meses.
- Recurso contencioso-administrativo á súa elección ante o Xulgado do Contencioso administrativo de Lugo dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da publicación das bases no BOP.

Contra cantos actos administrativos se deriven das bases e da actuación do tribunal, poderán ser interpostos polos interesados os oportunos recursos nos casos e na forma establecidas na Lei 39/2015 de 1 de outubro e na Lei 29/98 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

**DÉCIMA.-** Os candidatos que superen as probas selectivas pero non acaden a puntuación para seren contratados integrarán unha lista ou bolsa de emprego, para futuras contratacións que se poidan realizar a consecuencia de baixas por incapacidade laboral ou outras circunstancias.

Estal lista estará vixentementres dura este programa de emprego **PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO 2019**".

**DÉCIMA:**

Este programa esta financiado a través do plan provincial único de cooperación cos concellos 2019 da Deputación Provincial de Lugo para a execución de obras, servizos e creación de emprego "Programa Fomento do Emprego 2019".

**ANEXO I.- Modelo de instancia:**

Dna./D....., con DNI ou documento de estranxeiro nº....., con domicilio aos efectos de notificación en....., nº de teléfono.....,

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo concello do Corgo para a contratación laboral de \_\_\_\_\_ (indicar o posto ao que se opta),

**DECLARO:**

1. Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria e que reúno tódalas condicións esixidas polas mesmas para participar neste proceso selectivo.
2. Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, que non padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e que non estou separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás CC AA ou ás Entidades Locais, nin estou inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas.
3. Que autorizo ao Concello do Corgo á publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión no taboleiro de anuncios do concello e calquera outro medio que se estime, ao se a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

**SOLICITO** ser admitido/a para participar no referido procedemento selectivo comprometéndome a someterme ás bases que o regulan, presentando a documentación seguinte (riscar o que proceda):

- Fotocopia compulsada do DNI, pasaporte ou tarxeta de estranxeiro
- Permiso de conducir en vigor tipo B.
- Outra documentación: fotocopia do título CELGA 3 ou curso de iniciación.
- Acreditación de estar desempleado ou de mellora de emprego para os casos en que a xornda sexa igual ou inferior o 50% da xornada.
- Informe de vida laboral

O Corgo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019.

NOTA: Os datos de carácter persoal poderán ser tratados para futuras contratacións, de conformidade coa Lei 15/99, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.



**ANEXO I****TEMARIO ESPECÍFICO PARA O POSTO DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO**

- 1.- Ámbito obxectivo e subxectivo da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- 2.- Os interesados no procedemento: A capacidade de obrar e o concepto de interesado.- Identificación e sinatura admitidos polas administracións públicas.
- 3.- Da actividade das administracións públicas: Normas de actuación, termos e prazos.
- 4.- Dos actos administrativos: Requisitos.- Eficacia.- Nulidade e anulabilidade.
- 5.- Órganos do concello: Atribucións
- 6.- Competencias dos concellos.

O Corgo, a 3 de setembro de 2019.- O Alcalde, FELIPE LABRADA REIJA.

R. 3016

**COSPEITO***Anuncio*

Iniciado expediente por acordo do Pleno da Corporación de data 30 de setembro de 2019 para investigar a titularidade do camiño que se corresponde coa referencia catastral 27015A068090280000SR, parcela 9028, do polígono 68, situado no lugar de Moinelos da parroquia de Xustás, cuxos datos identificativos catastrais son: Camiño en Cospeito: Agrario (Vía de comunicación de dominio público 00), cunha superficie de solo de 1.204 m<sup>2</sup>, de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia .

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Cospeito, 2 de outubro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvarinho.

R. 2970

*Anuncio*

Iniciado expediente por acordo do Pleno da Corporación de data 30 de setembro de 2019 para investigar a titularidade parcelas que a continuación se detallan, de conformidade co artigo 49 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sométese a información pública, polo prazo de quince días hábiles, a contar dende o día seguinte ao de publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia:

1.1.- Parcela catastral número 229 do polígono 55, de referencia 27015A055002290000SP, cuxo titular catastral resulta ser D. David Teijeiro González segundo consta na certificación catastral descritiva e gráfica de data 08/01/2019 obrante no expediente.

1.2.- Parcela catastral número 230 do polígono 55, de referencia 27015A055002300000SG, cuxos titulares catastrais resultan ser D<sup>a</sup> Elsa e D<sup>a</sup> Elena Vilariño Montes segundo consta na certificación catastral descritiva e gráfica de data 08/01/2019 obrante no expediente.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Cospeito, 2 de outubro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvarinho.

R. 2971

*Anuncio*

Aprobado inicialmente polo Pleno do Concello de Cospeito, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de setembro de 2019, a rectificación do Inventario Xeral de Bens do Concello, ábrese un período de información pública por prazo de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente na sede municipal, e formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes.

Se non se presentan reclamacións nese período entenderase aprobado definitivamente.

Cospeito, 2 de outubro de 2019.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño.

R. 2984

## FOLGOSO DO COUREL

### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 27 de setembro de 2019 o expediente de modificación de créditos nº 323/2019 MC20/2019 TC5, baixo a modalidade de transferencia de créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 21.000,00 euros e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Lexislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Folgoso do Courel, 3 de outubro de 2019.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2985

### *Anuncio*

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de setembro de 2019, acordou a aprobación do Plan económico-financieiro do Concello de Folgoso do Courel para os exercicios 2019-2020. De acordo co disposto nos artigos 23.4 da Lei orgánica 2/2012, e 26 do Real decreto lexislativo 1463/2007, exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións e observacións que se consideren pertinentes. Unha vez rematado este prazo de exposición pública, publicarase o texto do Plan no BOP a efectos exclusivamente informativos.

Folgoso do Courel, 3 de outubro de 2019.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2986

## LUGO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 14 de agosto de 2019, adoptou, entre outros, o acordo 11/509 **FORMALIZACIÓN DE CONTRATO LABORAL FIXO CON DON CAMILO JOSÉ DE CASTRO RODRÍGUEZ, DON JOSÉ RAMÓN SÁNCHEZ SUÁREZ, DON VÍCTOR MANUEL MOSQUERA BERTOLO E DON MIGUEL BRAVOS PAZOS, COMO OFICIAL MAQUINISTA FONTANEIRO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

**“PRIMEIRO.-** *Formalización de contrato laboral fixo con D. Camilo Jose de Castro Rodríguez, D. José Ramón Sánchez Suárez, D. Víctor Manuel Mosquera Bertolo e D. Miguel Bravos Pazos como Oficial Maquinista Fontaneiro do Excmo. Concello de Lugo.*

**SEGUNDO.-** *Notificarlles o acordado ós interesados coa advertencia de que deberán proceder á formalización do contrato no prazo dun mes a partir da publicación do acordo de contratación.*

**TERCEIRO.-** *Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra el se poden interpoñer os seguintes recursos:*

- *Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.*

- *Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”*

Lugo, 12 de setembro de 2019.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Area de Gobernanza:Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 2972

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o día 14 de agosto de 2019, adoptou, entre outros, o acordo 12/510 **FORMALIZACIÓN DE CONTRATO LABORAL FIXO CON DON MANUEL SIMÓN PÉREZ COMO PEÓN (ESPECIALISTA) DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO**, cuxa parte dispositiva é do teor literal seguinte:

**“PRIMEIRO.-** *Formalización de contrato laboral fixo con don Manuel Simón Pérez como Peón (especialista) do Excmo. Concello de Lugo.*

**SEGUNDO.-** *Notificarlle o acordado ó interesado, coa advertencia de que deberá proceder á formalización do contrato no prazo dun mes a partir da publicación do acordo de contratación.*

**TERCEIRO.-** *Procédase á súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que este acto pon fin á vía administrativa e que contra el se poden interpoñer os seguintes recursos:*

- *Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación deste acordo.*

- *Recurso contencioso-administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación deste acordo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial.*

*Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente.”*

Lugo, 12 de setembro de 2019.- A Tta. de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos, Mercedes Paula Alvarelos Fondo.

R. 2973

### Anuncio

#### DECRETO NÚMERO 19008123 DO 25/09/2019

**Excma. Sra. Dona LARA MENDEZ LÓPEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.**

Con data catro de xullo de dous mil dezanove, a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo 13/392, de determinación, número e características do persoal eventual da Corporación Municipal 2019.

Vista a proposta de dona M<sup>a</sup> Olga Louzao Aldariz, voceira do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, de data 19/09/2019, de nomeamento de don ALFONSO SAÚCO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, DNI: 33.539.278 B, como persoal eventual, para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo.

E dado que o Servizo de Tesourería expediu unha certificación o día 23 de setembro de 2019, na que consta a existencia de consignación presupostaria na aplicación 91201.11000 do vixente orzamento municipal.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

**Primeiro.-** Nomear como persoal eventual, para o posto de Asistente Secretario do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, a don ALFONSO SAÚCO FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, DNI: 33.539.278 B, que realizará as tarefas de confianza e asesoramento especial, coas seguintes funcións:

- a)organizar, supervisar e colaborar na execución dos traballos que se desenvolvan no grupo municipal;
- b)efectuar traballos de transcripción de documentos;
- c)atención das comunicacións tanto telefónicas como persoais que correspondan ao grupo municipal;
- d)arquivo da documentación e
- e)labores de secretaría do grupo en xeral.

Establecéndose como condicións do presente nomeamento as seguintes:

-A dedicación será exclusiva e no horario de traballo determinado en funcións das necesidades existentes.

-O cese terá lugar por resolución desta Alcaldía ou se produza o cese da Señora Alcaldesa, dona Lara Méndez López.

-A retribución que percibirá será de 21.903,84 euros brutos anuais ou, en todo caso, a que se fixe nos orzamentos do Concello para o dito posto.

-Os efectos deste nomeamento serán do día 25/09/2019.

En ningún caso o desempeño deste posto constituirá mérito para o acceso á función pública ou promoción interna.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución ao interesado e dependencias municipais afectadas, e publíquese no Boletín Oficial da Provincia.

Cúmprase.

R. 2987

---

### *Anuncio*

**En cumprimento da normativa vixente, notifícolle que DONA LARA MENDEZ LOPEZ, Excm. Sra. Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo, dicitou, o día 23 de setembro de 2019, o DECRETO Nº 19008013, que a continuación e literalmente se transcribe:**

“Á vista do escrito de data 19 de setembro do 2019, presentado por dona María Olga Louzao Aldariz, DNI: 33348378 B, en calidade de portavoz do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, no que comunica que Camilo Piñeiroa Friol, con DNI: 33999353 V, cesará no seu posto como Asistente Secretario, asignado ao Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, con data 23 de setembro de 2019.

Tendo en conta o anterior e o disposto no artigo 12 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e no uso das atribucións que me confiren os artigos 104.2 e 124.4 ñ) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Cesar, con efectos do día 23 de setembro de 2019, a don CAMILO PIÑEIROA FRIOL, DNI: 33999353 V, como Asistente Secretario, asignado ao Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución ao interesado, dependencias municipais afectadas e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, coa indicación que ésta pon fin á vía administrativa e que contra ela pode interpoñer os seguintes recursos:- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á recepción desta notificación - Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á notificación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

Cúmprase.”

**O que se lle notifica para o seu coñecemento e oportunos efectos pregándolle que asine o duplicado para a súa constancia no expediente.**

Lugo, 23 de setembro de 2019.- A TÉCNICO MEDIO DE XESTIÓN, María Cristina Nieto Pereira.

R. 2988

---

### *Anuncio*

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día 25 de SETEMBRO de 2019, adoptou, entre outros, o acordo número 19/595, polo que se **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2019 de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a execución de proxectos de sensibilización social dentro do termo municipal do concello de Lugo, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

**SEGUNDO.-** Aprobar o gasto de 9.899 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte dos servizos sociais con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC 56170/19).

**TERCEIRO.-** Que se proceda á aprobación das correspondentes bases e anexos que van rexer esta convocatoria, e que a continuación se transcriben:

**“BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ORGANIZACIONS NON GOVERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓ DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓ SOCIAL NO CONCELLO DE LUGO E OS SEUS ANEXOS (EXERCICIO ECONÓMICO 2019).**

**ARTIGO 1.- OBXECTO E FINALIDADE.**

Estas bases regulan a concesión de subvencions a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a execución de proxectos de sensibilización social dentro do termo municipal do Concello de Lugo.

Quedan excluídos desta convocatoria os axentes de cooperación diferentes das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, é dicir, empresas, organizacións empresariais, sindicatos, universidades, institucións financeiras, de aforro, formacións políticas e outros axentes sociais e administracións públicas que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento ou de sensibilización social.

A finalidade da convocatoria é financiar a realización de accións e proxectos que conteñan accións de sensibilización, información e educación para o desenvolvemento. Enténdese por tales as executadas no Concello de Lugo que estean dirixidas a fomentar o espírito de solidariedade, melloren o coñecemento e información sobre a problemática dos países menos desenvolvidos, estimulen a participación da cidadanía lucense nas tarefas de cooperación internacional e desenvolvemento dos pobos.

Os proxectos que se presenten a esta convocatoria non poderán conter na súa formulación ningún tipo de discriminación e/ou exclusión.

As asociacións ou entidades beneficiarias das axudas comprométese e obríganse a non utilizar a imaxe da muller como reclamo e/ou con connotacións de tipo sexual e á non denigración da súa imaxe.

**ARTIGO 2.- PRIORIDADES DE CONCESIÓN**

Para a concesión destas subvencions consideraranse **prioritarias** aquelas accións encadradas nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que se trate de proxectos que fomenten os valores de solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos, respecto á diversidade cultural, valores medioambientais e defensa da equidade de xénero.
- b) Que repercuta nun importante número de poboación e mellore os recursos desta.
- c) Que fomenten a crítica das desigualdades mundiais e favorezan actitudes persoais e colectivas solidarias cos máis desfavorecidos.
- d) Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, pobos indíxenas, persoas refuxiadas e desprazadas.
- e) Que fomente a formación e a capacitación de voluntarios/as así como a participación activa da cidadanía ou colectivos destinatarios.

**ARTIGO 3.- ENTIDADES BENEFICIARIAS: REQUISITOS**

Poderán solicitar as subvencions para a realización de proxectos de sensibilización social as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia en virtude do Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación ao desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o desenvolvemento, modificado polo Decreto 90/2011, do 5 de maio.
- b) Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- c) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa sensibilización social, fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.
- d) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencions concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.
- e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo. No momento da solicitude, este aspecto poderá quedar acreditado para estes efectos, coa declaración responsable incluída no ANEXO I destas bases, e no momento da xustificación da axuda deberá acreditarse mediante a presentación das correspondentes certificacións, agás a do concello de Lugo que será solicitada de oficio tras autorización.

f) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a de subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

#### **ARTIGO 4.-CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCÍONS**

Esta convocatoria está dotada cun orzamento total de 9.899 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 con destino a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social.

#### **ARTIGO 5.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

1.- As organizacións non gobernamentais solicitantes presentarán, en modelo normalizado (ANEXO I) no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben nos lugares ou medios sinalados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS. O seu texto íntegro publicarase no Boletín oficial da provincia (BOP) e no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo, se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, será a data que se terá en conta para os efectos de presentación de solicitudes.

2.- A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación, agás que esta xa estivera en poder do Concello por tela presentada en anteriores convocatorias, e estar plenamente actualizada. Neste caso deberán facer constar na solicitude esta circunstancia xunto coa data da súa presentación, expediente no que se atopa eses documentos e dependencia ou órgano ante o que se presentou.

#### **DOCUMENTACIÓN**

2.1) Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.

2.2) Copia do código de identificación fiscal da entidade.

2.3) Copia dos estatutos da entidade nos que deberá constar a inexistencia de ánimo de lucro da entidade e que dentro dos fins institucionais ten a realización de actividades relacionadas coa sensibilización social, fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.

2.4) Acreditación de estar inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia.

2.5) Declaración responsable, segundo o modelo que figura no **ANEXO II** destas bases, aceditativa de:

- As subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

- Non estar inhabilitada ou incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 4/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesouraría Territorial da Seguridade Social, Facenda Autonómica e Concello de Lugo, respectivamente.

Nos supostos nos que, tras a tramitación da solicitude, resulte que o importe da subvención proposta exceda de 3.000 €, de conformidade co artigo 22 e 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no momento en que se xustifique a subvención deberase presentar certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social acreditativas de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais e certificación da Consellería de Facenda e do Concello de Lugo de non ter débeda ningunha por ningún concepto coa facenda autonómica e local respectivamente.

A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

2.6) Proxecto de sensibilización social que se formulará de acordo co estipulado nas bases **ANEXO III**.

2.7) Declaración na que conste o compromiso por parte da ONG solicitante de asumir o 10 % do gasto total orzamentado.

2.8) Certificación bancaria acreditativa do número de conta onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.

2.9) Calquera outra documentación que se considere necesaria.

O Concello poderá solicitar, se así o estima oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

## **ARTIGO 6.- MELLORA DA SOLICITUDE**

Se a solicitude presentada pola entidade interesada non reúne os requisitos establecidos nestas bases e/ou non achega a documentación indicada ou está incompleta e/ou ten algún defecto, requiriráselle para que no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles a achegue, complete e/ou emende as deficiencias observadas; indicándolle que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

## **ARTIGO 7.- PROCEDEMENTO**

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia concordantes cos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes especificacións:

### **1.- Órgano instrutor**

#### **a) Composición:**

Estará integrado por unha persoa técnica adscrita aos servizos sociais municipais.

#### **b) Funcións:**

- Informar as solicitudes presentadas comprobando os seguintes requisitos: as actividades son subvencionables, as entidades solicitantes cumpren cos requisitos esixidos e a documentación presentada está completa. O órgano instrutor pode solicitar cantos informes considere oportunos para a tramitación do expediente.
- Comunicarlles aos membros da Comisión de Avaliación de Proxectos que os expedientes están preparados para que poidan examinalos e poidan solicitar das ONG solicitantes calquera tipo de aclaración, así como comunicarlles o día e a hora de celebración da reunión da Comisión de Avaliación para a súa asistencia e participación na defensa dos proxectos presentados, se así o consideran oportuno.
- Darlle traslado á Coordinadora Galega de ONGD para os efectos de que designe a unha persoa representante para que forme parte da Comisión de Avaliación.

### **2.- Comisión de Avaliación de Proxectos**

#### **a) Composición:**

##### **PRESIDENTE/A:**

Un/ha técnico/a adscrita ao servizo de Benestar social e Igualdade ou persoal que o substitúa.

##### **VOGAIS:**

Un/Unha técnico/a do servizo de servizos sociais ou persoal que o substitúa.

Un/Unha representante da Coordinadora Galega de ONGD.

Titular do órgano de apoio a Xunta de Goberno Local (Vicesecretaría) ou persoal que o substitúa.

Un/ha técnico/a do Servizo de Intervención ou persoal que o substitúa.

**SECRETARIA:** Un/ha funcionario/a municipal que actuará, con voz e sen voto e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

#### **a)Funcións:**

A avaliación das solicitudes, realizando o estudo, seguimento e avaliación dos proxectos presentados aplicando os criterios e coeficientes recollidos no artigo 12 destas bases.

#### **b)Proposta de resolución e órgano competente para resolver**

O/A secretario/a da Comisión Avaliadora levantará acta da reunión que incluírá unha proposta de avaliación non vinculante.

Posteriormente, o órgano instrutor elaborará a correspondente proposta de resolución que lle será remitida ao órgano competente segundo o réxime de atribucións establecido no referente a este procedemento.

#### **c) Prazo para resolver**

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa poderase entender desestimada por silencio administrativo. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

#### **d) Publicidade das subvencións concedidas.**

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8º da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e conforme ao establecido nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

#### **ARTIGO 8.- REFORMULACIÓN**

Non se admitirá a reformulación dos proxectos para o caso de que o importe da subvención proposta sexa inferior á solicitada.

#### **ARTIGO 9.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

A puntuación máxima outorgable aos proxectos de sensibilización social é de 40 puntos. Será condición indispensable para obter subvención acadar ou superar o 60% da puntuación máxima esixida, o que supón obter un mínimo de 24 puntos na fase de avaliación.

A avaliación rexeráse polos criterios relacionados a continuación. Cada un dos aspectos seguintes será puntuado co rango de puntuación que se indica e sumando todos os produtos obteráse a puntuación total de cada proxecto.

##### **a) Experiencia da ONG solicitante (0 a 10)**

- Experiencia no ámbito da sensibilización social. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos (ata 2 puntos).
- Experiencia no ámbito da sensibilización en Lugo. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos (ata 3 puntos)
- Presenza da entidade no concello de Lugo coa localización dunha sede permanente (se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos)
- Achega financeira da ONG ao proxecto presentado (ata 2 puntos).

##### **b) Sostibilidade da intervención (0 a 10)**

- Que contemple a capacidade de integrar nas distintas áreas e recursos institucionais (educación, saúde, servizos sociais) medidas de carácter permanente relativas á educación para o desenvolvemento (ata 4 puntos)
- Que estean dirixidos a colectivos con elevado efecto multiplicador (asociacións cidadáns, colectivos profesionais, educadores...) (ata 3 puntos)
- Que contemplan unha ampla difusión dos contidos das actividades (ata 3 puntos).

##### **c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades do artigo 2 destas bases (0 a 10)**

- Que fomente a crítica das desigualdades mundiais e favoreza actitudes persoais e colectivas solidarias cos máis desfavorecidos (ata 4 puntos)
- Que fomente os valores de solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos e os valores medioambientais (ata 2 puntos)
- Que fomente a participación activa dos cidadáns e dos colectivos destinatarios (ata 2 puntos).
- Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, persoas indíxenas, refuxiadas e desprazadas (ata 2 puntos).

##### **d) Coherencia interna do proxecto: e control e verificación (0 a 10)**

- Claridade de obxectivos e da metodoloxía para acadalos (ata 4 puntos).
- Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto. Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto (ata 4 puntos).
- Que o proxecto prevexa indicadores que sirvan para facer o seguimento e avaliación do proxecto, con especial atención aos indicadores de xénero ( ata 2 puntos)

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os proxectos de sensibilización social é preciso calcular o **VALOR PUNTO**. Para isto, divídese a contía total para repartir entre o número total de puntos obtidos polos proxectos correspondentes a cada unha delas.

A contía para outorgar a cada proxecto será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por estes. Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable concederáselle esta última. O importe sobranse distribuírase con idéntico criterio.

A contía máxima das subvencións concedidas non superará en ningún caso o 90% do custo da actuación proxectada pola entidade solicitante debendo constar, na solicitude, o compromiso de achegar o 10% do orzamento presentado. **En todo caso, a contía máxima de cada subvención será de 3.000 €.**



Excepcionalmente, o órgano competente para resolver, logo de xustificación razoada, poderá proceder ao rateo, entre os/as beneficiarios/as da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións segundo se establece no artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.

En ningún caso poderá subcontratarse a realización da actividade a persoas ou entidades que se atopen nas circunstancias establecidas no artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións, e a entidade beneficiaria deberá acreditar este aspecto.

#### **ARTIGO 10.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Serán **gastos subvencionables** os gastos correntes que a continuación se mencionan:

- Os de persoal adscritos ao funcionamento do proxecto.
- Os de arrendamento de bens mobles e inmobles.
- Os gastos de viaxe, desprazamentos e transporte.
- Os de adquisición de material de oficina non inventariable.
- As subministracións de gas, enerxía eléctrica, combustibles, carburantes e comunicacións.
- Vestiario e utensilios adecuados para o desenvolvemento da actividade.
- Os de publicidade, información, difusión, propaganda e reunións directamente relacionados co proxecto.
- Os de funcionamento da acción a nivel local, cando sexan xustificadas quedando excluídos os correspondentes á propia organización local que non sexan imputables á execución do proxecto subvencionado.
- Os gastos asociados á administración da organización solicitante, xestión, supervisión, difusión e sensibilización social da acción, que non excedan do 7% do total dos custos presupostados (custos indirectos).
- En xeral, gastos de escasa entidade e outros gastos diversos.

En todo caso as facturas que se acheguen para os efectos de xustificar o importe da subvención concedida e referentes a gastos de combustible ou teléfono deberán ser identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria, a vinculación coa actividade subvencionada e a aplicación, íntegra ou parcial, do gasto á actividade ou programa subvencionado.

No referente aos gastos de aloxamento e desprazamento deberá identificarse persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado, só se pagarán axudas de custo ás persoas directamente relacionadas coa actividade subvencionada.

#### **Non serán subvencionables:**

- Os gastos referentes ao pagamento de taxas e/ou impostos municipais ou calquera outro tributo.
- Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
- Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. Terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas.
- As axudas de custo xenéricas nas que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto da subvención.

En todo caso, non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

#### **ARTIGO 11.- PRAZO DE REALIZACIÓN**

As subvencións poderán outorgarse tanto a proxectos xa iniciados como aos que estean pendentes de realización. Nos proxectos iniciados os comprobantes de gasto que no seu momento se presenten deberán corresponder co ano da convocatoria.

## **ARTIGO 12.- COMPATIBILIDADES**

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo da actividade. O 10% do gasto total do proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola entidade. No caso de existir sobrefinanciamento, a entidade subvencionada deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

## **ARTIGO 13.- MODIFICACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO**

Unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do contido do proxecto sempre que responda a causas sobrevidas debidamente xustificadas e se cumpran de xeito acumulativo os seguintes requisitos:

- Non puideran terse en conta no momento da presentación deste.
- Respecten o seu contido esencial aínda que alteren a súa realización nalgún aspecto.
- Se presenten inmediatamente despois de producidas e coñecidas e, en todo caso, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Será necesaria a autorización previa e expresa do Concello de Lugo para calquera modificación do proxecto. Non se admitirán modificacións substanciais del, entendendo por tales aquelas que afecten aos obxectivos, resultados, persoas beneficiarias. Tampouco será autorizada unha modificación do proxecto que precise realizar unha nova avaliación del ou supoña unha variación no orzamento inicialmente presentado, pola posible afectación a dereitos recoñecidos de terceiros.

## **ARTIGO 14.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN**

A aceptación da subvención concedida por parte das entidades beneficiarias deberá efectuarse expresamente no **prazo de 15 días hábiles**, contados dende o día seguinte hábil ao da notificación da súa concesión. Para formular a aceptación será preciso presentar debidamente cuberto, e por Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou nos lugares establecidos no art. 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o ANEXO V.

**O incumprimento deste requisito implicará a renuncia da subvención.**

## **ARTIGO 15.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN**

O pagamento da subvención farase nun único pagamento que será efectivo unha vez xustificada a subvención concedida e realizárase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo receptor da subvención.

O prazo máximo de pagamento será de trinta días, contados dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

## **ARTIGO 16.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO**

As entidades beneficiarias deberán presentar no Rexistro do Concello de Lugo ou ben por calquera dos lugares e/ou medios establecidos no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a seguinte documentación:

a) **Memoria de actuación** xustificativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, deberá conter un contido amplo que permita a verificación da realización da totalidade da acción subvencionada. Esta memoria deberá facer expresa mención das actividades realizadas, os resultados obtidos con estas, avaliación dos obxectivos acadados e estado actual do proxecto.

Deberá acompañarse e acreditarse con actas ou publicacións, reportaxes gráficos ou similares de xeral difusión (folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc.), que se editasen ou publicasen en relación coa acción subvencionada.

No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse as persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado. No caso de que se xustifiquen gastos de combustible deberá acreditarse a relación deste gasto coa actividade subvencionada e coa entidade beneficiaria da subvención (identificación do vehículo así como a súa titularidade) e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das accións desenvoltas, que deberá conter a certificación acreditativa da relación de todos os gastos e investimentos da actividade con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e de pagamento así como relación doutros ingresos e subvencións que financiara a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia. No caso de existir desviacións económicas entre o orzamento inicialmente presentado, orzamentado e avaliado e orzamento realmente executado, deberase achegar un informe xustificativo das devanditas desviacións.

c) Certificación acreditativa dos seguintes aspectos:

c1-Relación de todos os gastos realizados na actividade e/ou proxecto segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento

CUSTO TOTAL DO PROXECTO \_\_\_\_\_

c2- Importe do orzamento presentado no seu día: €

c3- Importe do orzamento realmente executado: €

SI Existe a desviación de €

NON Existe unha desviación ningunha.

En caso afirmativa informe xustificativo das desviacións.

-

-

-

d) Relación das facturas presentadas no Concello de Lugo para xustificar a subvención, segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento

TOTAL \_\_\_\_\_

**No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade para subvencionar, as entidades beneficiarias deberán presentar a documentación xustificativa da totalidade das axudas recibidas para a actividade subvencionada.**

e) Relación de facturas presentadas no Concello de Lugo para xustificar o 10% do gasto do proxecto presentado e orzamentado no seu día, segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento

TOTAL

f) Facturas orixinais e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, de conformidade coas bases de execución do orzamento e co Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que se presentarán en documento orixinal, ou no caso de non ser documento orixinal, este deberá ser selado coa expresión "esta factura foi utilizada para xustificación dunha subvención concedida polo Concello de Lugo", na porcentaxe que corresponda en cada caso e posterior incorporación dunha fotocopia ao expediente. Presentarase ademais declaración xurada expresiva de que estas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un detalle dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas ou xustificantes de gasto mediante os seguintes medios:

- Resguardo do banco da orde de transferencia ou da notificación de domiciliación realizada ou extracto da conta corrente no que figure o cargo da transferencia realizada sellada pola entidade financeira.
- Copia do cheque emitido a nome do provedor que emite a factura.
- Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo onde consten o termo "recibín en efectivo", o nome, DNI, sinatura e selo do cobrador; a identificación da factura á que corresponde e a súa data e a data de cobro. Admitiranse os "tickets de caixa" para importes inferiores a 50 euros.
- Documento acreditativo do pagamento con tarxeta, que haberá de ser de débito e estar obrigatoriamente a nome da entidade e non de calquera persoa física, integrante ou non desta.
- O pagamento dos gastos de Seguridade Social xustificárase co recibo de liquidación de cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. O ingreso de las retencións de IRPF xustifícase co modelo 111 co selo de caixa ou certificación mecánica se se paga por portelo ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Así mesmo, deberase xuntar o modelo 190 co resumo anual do IRPF de telo dispoñible no momento da xustificación.

No caso de pagamento de facturas de máis de 2.500 euros, unicamente se aceptará o pagamento realizado a través do método sinalado no apartado a) anterior.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental dos preceptos, das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible das actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores destas. Estas contías, que en todo caso non deberán superar os 300 euros, deberán acreditar a práctica da retención do IRPF que resulte procedente, salvo que xustificadamente se acredite a súa innecesariedade coma nos casos de contías satisfeitas para indemnizar dos gastos ocasionados por realización de tarefas coma voluntariado.

g) Declaración responsable segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases

h) Certificacións acreditativas de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Facenda Autonómica, á Tesourería Territorial da Seguridade Social.

A comprobación do cumprimento de atoparse ao corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo realizarase de oficio polo Concello tras autorización.

Se o proxecto non se levase a cabo ou se modificase substancialmente sen a autorización municipal ou non se xustificase na forma sinalada nestas bases, iniciárase expediente de anulación do compromiso así como o reintegro das contías percibidas.

A esta contía haberá que engadirle os xuros de demora que regulamentariamente procedan e que se liquidarán calculados dende a data de pagamento ata a de reintegro.

O incumprimento do estipulado nestas bases determinará a inhabilitación para a percepción de novas axudas e/ou subvencións durante o exercicio económico seguinte, sen prexuízo das accións legais pertinentes.

#### **ARTIGO 17.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

A maiores, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao cumprimento do seguinte:

- Á presentación da programación das actuacións, a súa publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., das actividades de sensibilización social. As actividades que se realicen no Concello de Lugo deberán figurar en galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Incorporar a lingua galega nas súas comunicacións de carácter escrito (páxinas webs, comunicados de prensa e demais publicacións).
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos, engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos e calquera tipo de actividade de difusión ou publicidade.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo con suficiente antelación a realización das actividades de sensibilización social para o seu coñecemento e, de ser o caso, para a participación de responsables municipais.
- Comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento do proxecto subvencionado.

#### **ARTIGO 19.- DATA LÍMITE PARA XUSTIFICAR**

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a **DO 30 DE XUÑO DE 2020**. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

- a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos esixidos. Desta circunstancia daráselle coñecemento á entidade beneficiaria e concederáselle un prazo de dez días para a súa emenda, rectificación ou o que proceda no suposto concreto.
- b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días hábiles, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Con carácter xeral non se asumen pagos anticipados podendo o/a beneficiario/ra acadar o financiamento necesario polos medios que crea convenientes para o desenvolvemento da actividade. Cando xustificadamente, polo volume económico da actividade subvencionada se proceda á realización dun pago anticipado, será condición obrigatoria que o beneficiario achegue garantía pola totalidade da contía do dito pago con anterioridade á súa efectividade, por calquera dos medios previstos na Lei 108.1 da Lei 9/2017 de contratos do sector público.

#### **ARTIGO 20.- RÉXIME DE INFRACCIÓN E SANCIÓN S**

1.- Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas nos artigos 56,57 e 58 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2.- As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3.- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no título IV da dita Lei 38/2003.

4.- A presentación fóra de prazo límite da xustificación considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. Para os ditos efectos, tras a tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra do prazo, con anterioridade a efectuar o requirimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo adicional concedido no requirimento a que se refire o artigo 70.3 do Regulamento xeral de subvencións.

#### **ARTIGO 21.- CONTROL FINANCEIRO DA SUBVENCIÓN**

As entidades beneficiarias deberán conservar durante os catro anos seguintes ao de xustificación da subvencións os documentos xustificativos da aplicación dos fondos, libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso co obxecto de facilitar as actuacións de comprobación e control que no exercicio do control financeiro e segundo a planificación acordada pola Intervención xeral municipal se decida levar a cabo, se é o caso. Para tal efecto, o beneficiario someterase ás actuacións de comprobación que a Intervención xeral decida realizar.

ANEXOS: I, II, III, IV, V

 <b>Concello de Lugo</b>
<b>SOLICITUDE DE SUBVENCÍONS A ONGD PARA PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL (EXERCICIO ECONÓMICO 2019)</b>

## DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	
ENDEREZO:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
<input type="checkbox"/> Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

## ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO:		
CONCELLO:	PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:

## DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE

NOME:		N.º REGISTRO DA ONG:	
ENDEREZO SOCIAL:		CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:			

## SOLICITA:

A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR UN IMPORTE DE \_\_\_\_\_ PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN (poñer o nome do proxecto) \_\_\_\_\_

- Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada así como as condicións e obrigas establecidas nas bases que rexen a convocatoria da subvención do exercicio 2019.
- Comprométome a achegar o 10% do gasto total orzamentado con cargo á ONGD solicitante,
- Declaro baixo xuramento que a entidade que represento se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, respectivamente.
- Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar das diferentes administracións públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Lugo,..... de ..... de 2019

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

Xúntase a esta solicitude a documentación sinalada que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS.

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do DNI da persoa solicitante.
- Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- Fotocopia do CIF da asociación, fundación ou entidade que representa.
- Copia completa dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade xurídica da entidade.
- Acreditación de inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- Declaración responsable de non estar inhabilitado/a ou incurso/a en prohibición (ANEXO II).
- Proxecto subvencionado (ANEXO III).
- Certificación dos datos bancarios.



ANEXO IIMODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, provisto/a do NIF n.º \_\_\_\_\_, en  
 calidade de (persoa que exerce a presidencia ou secretaría) da  
 ONGD \_\_\_\_\_, con enderezo social en  
 \_\_\_\_\_ de Lugo, e con CIF n.º  
 \_\_\_\_\_

DECLARO BAIXO XURAMENTO QUE:

1.- Esta entidade (si /non) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI \*  
 NON

\*A día de hoxe e referidas ao exercicio económico de 2019, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

-----  
 -----  
 -----

2.- A acción, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita subvención vaise efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No momento de xustificar a subvención, esta declaración xurada será substituída pola presentación das certificacións acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais fronte ás administracións antes mencionadas.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:-----

ANEXO III

**PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL:**

**A.- DENOMINACIÓN** -----  
-----

**B.- DATOS DA ONG SOLICITANTE:**

1.- Denominación

-----  
-----  
-----

2.- CIF

-----  
-----

3.- Enderezo da sede ou delegación en Lugo, código postal, teléfono, fax e e-mail.

-----  
-----  
-----  
-----

4.- Ano de constitución da ONG

-----  
-----  
-----  
-----

5.- Núm. de socias e socios en:

España:

Galicia:

Lugo:

6.- Cotas recadadas no Concello de Lugo (determinar a contía económica)

-----  
-----  
-----  
-----

7.- Área de actuación

-----  
-----  
-----  
-----

8.- Nome e apelidos da persoa representante legal

-----  
 -----

9.- Nome e apelidos da persoa de contacto

-----  
 -----

10.- Outros datos de interese:

-----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----  
 -----

**C- EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA SENSIBILIZACIÓN:**

\_(Identificación dos proxectos nos que participa ou participou nos últimos 4 anos con indicación do lugar de desenvolvemento).

Núm orde	Denominación	Ano	Importe	Área de actuación

**D.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL**

- 1.- Título
- 2.- Persoas destinatarias
- 3.- Antecedentes e xustificación da necesidade do proxecto
- 4.- Breve descrición xeral do proxecto
- 5.- Data de inicio e de finalización
- 6.- Obxectivos e resultados esperados
- 7.- Recursos técnicos e materiais de que se dispón
- 8.- Recursos humanos de que se dispón

9.- Seguimento e avaliación (accións de seguimento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación)

10.- Medidas de difusión (soportes escritos e/ou audiovisuais que se achegan para a realización da actividade)

11.- Outros datos de interese para os efectos de facilitar a avaliación dos proxectos.

Faise constar que, para os efectos desta convocatoria, se consideran gastos subvencionables só os gastos correntes.

**E.- ORZAMENTO GLOBAL DETALLADO SEGUNDO O MODELO:**

GASTOS CORRENTES	DESCRICIÓN DO GASTO	TOTAL EUROS
Gastos de persoal		
Arrendamento		
Gastos de viaxes, desprazamentos...		
Subministracións		
Publicidade...		
Gastos de xestión		
Outros		
TOTAL		

1.- Identificación do importe solicitado

2.- Plan de financiamento previsto. Identificación de ser o caso de achega doutras entidades públicas e/ou privadas

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO IVDECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, provisto/a do NIF n.º \_\_\_\_\_, en  
 calidade de persoa que exerce a presidencia ou secretaría da  
 ONGD \_\_\_\_\_, con enderezo social en  
 \_\_\_\_\_ de Lugo e con CIF n.º  
 \_\_\_\_\_

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

1.- Esta entidade (SI ou NON) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI \*  
 NON

\*A día de hoxe, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

\_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_  
 \_\_\_\_\_

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Esta entidade está ao corrente das súas obrigas fiscais fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, tal e como se demostra nas certificacións emitidas polas administracións públicas anteriormente mencionadas, e que se achegan xunto con este documento.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas (nas porcentaxes correspondentes ao importe da subvención concedida polo Concello de Lugo e ao 10% do gasto do proxecto orzamentado e presentado no seu día) como xustificación doutra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Lugo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2019

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.:-----

ANEXO VACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

D./D.<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, provisto/a do NIF n.º \_\_\_\_\_, en  
calidade de persoa que exerce a presidencia ou secretaría da  
ONG \_\_\_\_\_, con enderezo social en  
\_\_\_\_\_ de Lugo e con CIF n.º  
\_\_\_\_\_, e ao abeiro do disposto no art. 14 das bases reguladoras da convocatoria, mediante  
este escrito presenta **DECLARACIÓN DE ACEPTACIÓN** da subvención concedida á entidade que represento.

Lugo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo. ....

“

**CUARTO:** Que se proceda á publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, e do texto íntegro deste no Boletín Oficial da Provincia (BOP), no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo.

**QUINTO.-** Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Concencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE número 236, do 2/10/2015), ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

No suposto de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Lugo, 9 de outubro de 2019.- A Concelleira Delegada de benestar social, Olga López Racamonde.

R. 3050

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria, celebrada o 7 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

#### **“MODIFICACIÓN DAS BASES DA BOLSA VIXENTE DO PERSOAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MONDOÑEDO E APERTURA DESTA**

O 8 de abril de 2019 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de aprobar a CONVOCATORIA E BASES QUE REXERÁN A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA A AREA DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA).

O 17 de abril de 2019 publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 89, o anuncio da devandita convocatoria e das bases que regulaban este proceso selectivo.

Debido á falta de auxiliares de axuda no fogar para ocupar os postos necesarios para manter o Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Dependencia e Prestación Básica, a alcaldesa-presidenta mediante resolución da alcaldía do 29 de maio de 2019, avogou para sí a competencia e abriu de novo esta bolsa coa finalidade de incrementar o número de persoas dispoñibles para desenvolver as funcións de Auxiliar de Axuda no Fogar. O anuncio desta Resolución foi publicado o 31 de maio de 2019, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 123.

No momento de realización da presente Xunta de Goberno Local, o concello conta con 4 auxiliares de axuda no fogar de baixa por Incapacidade Temporal.

Contactouse coas candidatas suplentes na bolsa, para a cobertura destas baixas e a realización dunha nova contratación por período de un ano. Das 7 candidatas suplentes na bolsa, ningunha aceptou as condicións dos diferentes postos ofertados.

Por outra banda, o 9 de outubro de 2019, a través dun Programa Integrado de Emprego, que se leva a cabo en Mondoñedo, remata un curso, que conta con acceso directo ao certificado de profesionalidade, denominado, SSCS0208 ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS DEPENDENTES EN INSTITUCIÓNS SOCIAIS, no que os participantes que o rematen con aproveitamento, obterán un título e posteriormente deberán solicitar o certificado de profesionalidade, e poderán participar neste proceso selectivo, sempre e cando aporten o certificado de profesionalidade antes de realizar a contratación, motivo polo que se modifica a base cuarta de convocatoria das bases do proceso selectivo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de abril de 2019, coa finalidade última de facilitar a incorporación de candidatos/as á bolsa de emprego, para que poidan optar a estes postos de traballo con alta demanda no noso municipio.

Motivos polos que a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos membros presentes,

#### **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Modificar a base cuarta de convocatoria aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de abril de 2019, de xeito que

#### **onde di:**

“j)Titulación: Estar en posesión do título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes que establece o Real decreto 777/1998, do 30 de

abril, ou o título de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Tamén serán válidos, o certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio ou equivalente e o certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, ambos regulados no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade, ou calquera outro título ou certificado que se publique, cos mesmos efectos profesionais.”

**debe dicir:**

“j)Titulación: Estar en posesión ou en condicións de obter o título de Técnico en Coidados Auxiliares de Enfermería establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes que establece o Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou o título de Técnico de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real Decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título ou certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

Estar en posesión ou en condicións de obter, o certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio ou equivalente e o certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, ambos regulados no Real Decreto 1379/2008, do 1 de agosto polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade, ou calquera outro título ou certificado que se publique, cos mesmos efectos profesionais.

No caso de que o candidato/a no momento da presentación de instancias, non aporte o certificado de profesionalidade, deberá presentar un documento que acredite estar en posesión do título/diploma ou documento equivalente de realización do curso ou estar incurso no procedemento de recoñecemento de experiencia profesional que da acceso ao certificado de profesionalidade, podendo aportar o certificado na fase de contratación, xunto co resto de documentación necesaria para a formalización do seu contrato laboral. En caso contrario, pasaríase ao seguinte candidato/a da bolsa, sin que este feito, constitúa motivo de exclusión desta, quedando para futuras ofertas de traballo no último posto da lista.”

**SEGUNDO.-** Deixase constancia que a excepción da modificación realizada no apartado primeiro deste acordo, continúan estando vixentes as bases de convocatoria da BOLSA DE EMPREGO SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PARA A AREA DE SERCIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DO SAF (SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E PRESTACIÓN BÁSICA), aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 8 de abril de 2019.

**TERCEIRO.-** Con base na cláusula décima de convocatoria, aliñado 6, dispónse a apertura da bolsa por un prazo de 5 días hábiles, a partir do seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.-** Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo aos efectos oportunos. A efectos informativos publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal/>) a convocatoria e as bases da bolsa vixente, así como o presente acordo.”

Mondoñedo, 7 de outubro de 2019.- A alcaldesa-presidenta, María Elena Candia López.

R. 3047

---

## NAVIA DE SUARNA

### *Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 25 de setembro de 2018, prestou aprobación ó cambio de uso dun local de 80,20 m<sup>2</sup> situado na esquina noroeste da planta baixa do edificio coñecido por Centro Público Integrado de Navia de Suarna, local que conta con dúas entradas independentes ás do edificio principal.

Acordase a alteración da calificación xurídica do local, desafectándoo como local para uso dotacional de ensinanza que pasará a un uso dotacional distinto consistente en Casa Niño.

Este expediente queda exposto ó público por prazo dun mes, que se contará a partir do día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de exame e posibles reclamacións.

Navia de Suarna, 9 de outubro de 2019.- O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 3048



## CONSORCIO LOCAL OS PEARES LUGO – OURENSE

### *Anuncio*

O Pleno do Consello do Consorcio Local Os Peares, en sesión extraordinaria celebrada o día 20/09/2019 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario 2/2019, financiado con cargo *ao remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Os Peares , a 20 de setembro de 2019.- O Presidente, Manuel Seoane Rodríguez.

R. 2974

### *Anuncio*

O Pleno do Consello do Consorcio Local Os Peares, en sesión extraordinaria celebrada o día 20/09/2019 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario 1/2019, financiado con cargo *ao remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Os Peares , a 20 de setembro de 2019.- O Presidente, Manuel Seoane Rodríguez.

R. 2975

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BURELA

#### *Anuncio*

Extracto da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades sociais desenvolvidas por asociacións sociais do concello de Burela no exercicio 2019

BDNS (Identif.): 475683

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **Primeiro. Beneficiarios:**

Asociacións sociais existentes no concello de Burela que estén legalmente constituídas e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados no momento de solicitar a aportación.

#### **Segundo. Obxecto:**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2019, destinadas a promover actividades das asociacións sociais e asistenciais do concello de Burela.

#### **Terceiro. Bases reguladoras:**

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

#### **Cuarto. Contía:**

7.700,00 €

**Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 2 de outubro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2989

---

*Anuncio*

Extracto da convocatoria de subvencións para a promoción de actividades deportivas desenroladas por clubs deportivos do Concello de Burela no exercicio 2019

BDNS (Identif.): 475648

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións.

**Primeiro. Beneficiarios:**

Clubs deportivos federados existentes no concello de Burela, legalmente constituídos e que figuren inscritos no Rexistro Municipal de asociacións, sempre e cando contén con domicilio social e sede territorial no concello de Burela e contén cos datos da inscrición debidamente actualizados no momento de solicitar a axuda.

**Segundo. Obxecto:**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2019, destinadas a promover actividades das asociacións, clubs ou entidades deportivas do concello de Burela.

**Terceiro. Bases reguladoras:**

A bases reguladoras publícanse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

**Cuarto. Contía:**

20.000,00 €

**Quinto: Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación de solicitudes será de 30 días naturais dende a publicación do anuncio destas bases no Boletín Oficial da Provincia.

Burela, 2 de outubro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García.

R. 2990

---

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - LUGO***Anuncio***CONVOCATORIA PÚBLICA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GOBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL NO CONCELLO DE LUGO EXERCICIO ECONÓMICO 2019**

BDNS (Identif.): 476625

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b. e 20.8.a. da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións.

**Primeiro.- Entidades beneficiarias: requisitos**

Poderán solicitar as subvencións para a realización de proxectos de sensibilización social as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia en virtude do Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación ao desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o desenvolvemento, modificado polo Decreto 90/2011, do 5 de maio.

b) Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.

c) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa sensibilización social, fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.

d) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.

e) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo. No momento da solicitude, este aspecto poderá quedar acreditado para estes efectos, coa declaración responsable incluída no ANEXO I destas bases, e no momento da xustificación da axuda deberá acreditarse mediante a presentación das correspondentes certificacións, agás a do concello de Lugo que será solicitada de oficio tras autorización.

f) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a de subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### **Segundo. Bases reguladoras**

As bases xerais reguladoras da concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento para a realización de proxectos de sensibilización social en Lugo (exercicio económico 2019), aprobounas a Xunta de Goberno local do Concello de Lugo, Acordo número 19/595 , na sesión ordinaria que **tivo lugar o 25 de setembro de dous mil dezanove , publicación en BOP de Lugo xunto coa convocatoria.**

### **Terceiro.- Contía .**

Esta convocatoria está dotada cun orzamento total de 9.899 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 con destino a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social.

### **Cuarto.- Criterios de avaliación e contía da subvención.**

A puntuación máxima outorgable aos proxectos de sensibilización social é de 40 puntos. Será condición indispensable para obter subvención acadar ou superar o 60% da puntuación máxima esixida, o que supón obter un mínimo de 24 puntos na fase de avaliación.

A avaliación rexerese polos criterios relacionados a continuación. Cada un dos aspectos seguintes será puntuado co rango de puntuación que se indica e sumando todos os produtos obterase a puntuación total de cada proxecto.

#### **a) Experiencia da ONG solicitante (0 a 10)**

- Experiencia no ámbito da sensibilización social. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos (ata 2 puntos).
- Experiencia no ámbito da sensibilización en Lugo. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos (ata 3 puntos)
- Presenza da entidade no concello de Lugo coa localización dunha sede permanente (se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos)
- Achega financeira da ONG ao proxecto presentado (ata 2 puntos).

#### **b) Sostibilidade da intervención (0 a 10)**

- Que contemple a capacidade de integrar nas distintas áreas e recursos institucionais (educación, saúde, servizos sociais) medidas de carácter permanente relativas á educación para o desenvolvemento (ata 4 puntos)
- Que estean dirixidos a colectivos con elevado efecto multiplicador (asociacións cidadáns, colectivos profesionais, educadores...) (ata 3 puntos)
- Que contemplan unha ampla difusión dos contidos das actividades (ata 3 puntos).

#### **c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades do artigo 2 destas bases (0 a 10)**

- Que fomente a crítica das desigualdades mundiais e favoreza actitudes persoais e colectivas solidarias cos máis desfavorecidos (ata 4 puntos)
- Que fomente os valores de solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos e os valores medioambientais (ata 2 puntos)
- Que fomente a participación activa dos cidadáns e dos colectivos destinatarios (ata 2 puntos).
- Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, persoas indíxenas, refuxiadas e desprazadas (ata 2 puntos).

#### **d) Coherencia interna do proxecto: e control e verificación (0 a 10)**

- Claridade de obxectivos e da metodoloxía para acadalos (ata 4 puntos).
- Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto. Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto (ata 4 puntos).
- Que o proxecto prevexa indicadores que sirvan para facer o seguimento e avaliación do proxecto, con especial atención aos indicadores de xénero ( ata 2 puntos)

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os proxectos de sensibilización social é preciso calcular o VALOR PUNTO. Para isto, divídese a contía total para repartir entre o número total de puntos obtidos polos proxectos correspondentes a cada unha delas.

A contía para outorgar a cada proxecto será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por estes. Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable concederáselle esta última. O importe sobrante distribuírase con idéntico criterio.

A contía máxima das subvencións concedidas non superará en ningún caso o 90% do custo da actuación proxectada pola entidade solicitante debendo constar, na solicitude, o compromiso de achegar o 10% do orzamento presentado. En todo caso, a contía máxima de cada subvención será de 3.000 €.

Excepcionalmente, o órgano competente para resolver, logo de xustificación razoada, poderá proceder ao rateo, entre os/as beneficiarios/as da subvención, do importe global máximo destinado ás subvencións segundo se establece no artigo 22 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.

En ningún caso poderá subcontratarse a realización da actividade a persoas ou entidades que se atopen nas circunstancias establecidas no artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións, e a entidade beneficiaria deberá acreditar este aspecto.

#### **Quinto.- Forma e prazo de presentación das solicitudes**

1.- As organizacións non gobernamentais solicitantes presentarán, en modelo normalizado (ANEXO I) no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben nos lugares ou medios sinalados no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de 20 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS. O seu texto íntegro publicarase no Boletín oficial da provincia (BOP) e no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo, se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, será a data que se terá en conta para os efectos de presentación de solicitudes.

Lugo, 9 de outubro de 2019.- A Alcaldesa Presidenta (P.D. Decreto número 19005684 do 01/07/2019 modificado polo Decreto número 19005695 do 03/07/2019), A Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores, Olga López Racamonde.

R. 3049

## **MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA**

### **CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

#### *Anuncio*

#### **Expediente número: A/27/20004**

Asunto: Solicitud de modificación de características del aprovechamiento de agua de 0,081 l/seg. de agua del manantial Fontiña da Braña en la parcela 56 del polígono 30 en Vilar de Carballido T.M. de A Fonsagrada (Lugo), otorgada el 09/04/2012 a José Manuel Fernández Enriquez con destino a uso doméstico y ganadero

Peticionario: José Manuel Fernández Enriquez

#### **BREVE DESCRIPCIÓN DE LA MODIFICACIÓN:**

Se pretende añadir la captación del manantial situado en la parcela 93 del polígono 30, conduciendo las aguas por tubería hasta la captación del manantial Fontiña da Braña.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de A Fonsagrada** o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 05 de abril de 2019.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 1123

---